



Prego de condicións para a
contratación dos servizos de
deseño e implementación da
web observatorio.gal

Xuño 2020



1. ENTIDADE CONTRATANTE

ASOCIACIÓN PUNTOGAL
Rúa Tabernas 11,
15001 A Coruña
CIF: G70065107

2. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto é o deseño, implementación e posta en marcha da web observatorio.gal. Nesta web se mostrarán os resultados dos análises sobre a internet galega que se están levando a cabo agora mesmo por parte de PuntoGal, de xeito que debe ser apta para incrustar cadros e gráficos dinámicos a través de Canvas, HTML5, etc.

3. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS

O prazo de presentación das propostas será ata o 8 de xullo de 2022. As propostas enviaranse en formato pdf a: luis.antelo@dominio.gal.

4. ESPECIFICACIÓNS DA PROPOSTA

As propostas deberán incluír:

- Especificacións técnicas.
- Especificacións de deseño e usabilidade.
- Cronograma do desenvolvemento e prazo de entrega.
- Orzamento desglosado e con impostos incluídos.
- Proposta de melloras sobre estas especificacións baseado na comparativa coas webs similares.

5. PRAZO MÁXIMO DE EXECUCIÓN

O prazo comezará a contar a partir da sinatura do contrato. O desenvolvemento do proxecto terá unha duración máxima de 3 meses a contar dende ese momento.

6. REQUERIMENTOS XERAIS

- **A tecnoloxía**
A tecnoloxía pode ser a que se decida, sempre de fonte aberta, e sempre que se xustifique a decisión na proposta de xeito adecuada. En caso de ser WordPress ou similar, haberá que minimizar o número de plugins instalados e respectar o sistema de edición nativo, así como o uso de plantillas e categorías.



- **Consideracións sobre o deseño**

Deseño responsive compatible con móbiles. Verticalidade na lectura, dende arriba á esquerda ata abaixo á dereita. Logo como distintivo a primeira vista. Titulación da web con menú horizontal.

- **Contido**

Estas son as seccións coas que debe contar a páxina:

- Novas
- Mapas
- Gráficos
- Zona de prensa
- Repositorio multimedia
- Repositorio documental
- Formulario de contacto
- Quen somos
- Estatísticas
- Buscador

Esta proposta de seccións pode alterarse en base á proposta de melloras que se faga seguindo o punto 4.

- **Idioma:** A páxina debe estar desenvolta totalmente en galego, así como toda a documentación que se aporte.

8. MANTEMENTO

Garantía dun ano.

Solución de erros de programa sen custo. Proposta de mantemento técnico anual.

9. NORMAS APLICABLES AO CONCURSO

- Os ofertantes poderán remitir preguntas exclusivamente ao enderezo: luis.antelo@dominio.gal
- Unha vez recibidas as ofertas Puntogal fará unha short list e contactará cos finalistas.
- O adjudicatario asinará un contrato para este servizo.
- As condicións de pagamento serán do abono do 30% ao inicio e o 70% cando a web se poña en produción.
- Este prego non é vinculante, o concurso podería quedar deserto ou adiarse se as circunstancias así o requiren.